

**Resolución do 6 de abril de 2022 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades, propias de Arte Dramática, do corpo de profesores de música e artes escénicas (594). (código de procedemento ED003A).**

Mediante Resolución do 2 de febreiro de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas seguintes especialidades, propias de Arte Dramática, do corpo de profesores de música e artes escénicas (594). (código de procedemento ED003A):

<b>CÓDIGO ESPECIALIDADE</b>	<b>DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE</b>
594445	Dirección escénica
594448	Espazo escénico
594449	Expresión corporal
594450	Iluminación
594451	Interpretación
594456	Técnicas escénicas
594458	Teoría e historia da arte
594459	Teoría teatral

Mediante resolución do 23 de marzo de 2022 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no citado procedemento.

Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra a citada relación provisional e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no citado procedemento, e facelas públicas no portal da Internet desta consellería, de acordo co disposto na base oitava da convocatoria.

En consecuencia, esta dirección xeral

**RESOLVE:**

Primeiro. Aprobar e facer pública no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas especialidades,



propias de Arte Dramática, de Dirección escénica (594445), Espazo escénico (594448), Expresión corporal (594449), Iluminación (594450), Interpretación (594451), Técnicas escénicas (594456), Teoría e historia da arte (594458) e Teoría teatral (594459) do corpo de profesores de música e artes escénicas (594).

Segundo.- De acordo co disposto na base oitava da convocatoria pola que se acordou a apertura do procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), un recurso potestativo de reposición, no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <https://www.edu.xunta.gal>, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

